

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CPI PLURILINGÜE DOS DICES

CURSO: 3 ESO

MATERIA: Tecnoloxías 3 ESO

DEPARTAMENTO: Tecnoloxía

DATA: 19/05/20

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias imprescindibles |
|--|--|--|
| B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos, recoñecendo a súa estrutura interna, en relación coas propiedades que presentan e as modificacións que se poidan producir. | TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades. | Describe as características propias dos plásticos. |
| | TEB3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico. | Identifica os grandes grupos de plásticos. |
| | TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades. | Describe cando menos dous procesos de fabricación de obxectos de plástico. |
| B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático. | TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave. | Identifica cando menos as partes máis básicas dun ordenador. |
| B5.3. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos. | TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos. | Utiliza axeitadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos. |
| | TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos. | Instala e manexa, aínda que con algunhas dúbidas, un mínimo de programas e software básicos |
| B5.2. Utilizar de forma segura sistemas de intercambio de información. | TEB5.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco. | Coñece as medidas de seguridade básicas aplicables a cada situación de risco. |
| B4.1. Relacionar os efectos da enerxía eléctrica e a súa capacidade de conversión noutras manifestacións enerxéticas. | TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión. | Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión noutras manifestacións enerxéticas. |
| B4.3. Deseñar e simular circuítos con simboloxía adecuada e montar circuítos con operadores elementais. | TEB4.3.1. Deseña e monta circuítos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectores, condensadores e resistencias. | Deseña e monta circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, conectores e resistencias. |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias imprescindibles |
|---|---|---|
| B4.2. Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas. | TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos. | Calcula, aínda que con algunhas dúbidas, as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos. |
| | TEB4.2.1. Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuitos básicos. | Utiliza os instrumentos de medida, aínda que con algunhas dúbidas, para coñecer as magnitudes eléctricas dos circuitos básicos. |
| B4.4. Diseñar, montar e programar un sistema sinxelo de control. | TEB4.4.1. Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control. | |

Na táboa anterior están resaltados en verde os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias imprescindibles correspondentes aos contidos impartidos na primeira avaliación, en azul os correspondentes aos contidos impartidos na segunda avaliación e en vermello os correspondentes aos contidos de ampliación. Para os contidos de ampliación non se definen as competencias imprescindibles xa que as actividades deste tipo unicamente poderán ser avaliadas se xeito positivo co cal non hai un grao mínimo de adquisición de competencia asociada a estes contidos.

2. Avaliación e cualificación

| | |
|---|--|
| Avaliación | <p>Procedementos: Realización das actividades web e das actividades en formato pdf propostas na aula virtual do centro no curso de Tecnoloxías 3 ESO.</p> <p>Instrumentos: Cuantificación do grao de desempeño na realización das actividades propostas</p> |
| Cualificación final | <ul style="list-style-type: none">• O alumnado coa 1ª e/ou 2ª avaliación suspensa que entregue as tarefas de reforzo, repaso e recuperación obterá unha cualificación na recuperación da avaliación ou avaliacións que teña suspensas que será o resultado de calcular a cualificación media de todas as tarefas propostas como reforzo/repaso da avaliación correspondente. Para o cálculo da nota final será requisito ter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos na 1ª e 2ª avaliación. <p>A cualificación final para este alumnado será o resultado de calcular a cualificación media da 1ª e 2ª avaliación máis un incremento de ata un máximo de un punto se entrega e obtén unha cualificación positiva nas tarefas novas ou de ampliación propostas.</p> <ul style="list-style-type: none">• Para o resto do alumando, a nota final será a suma da nota media da 1ª e 2ª avaliación máis o incremento de nota polas tarefas de reforzo e de ampliación, que poderá incrementar a citada media nun máximo dun punto. |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria terá que realizar unha proba que poderá ser escrita ou de non é posible esta modalidade realizarase unha proba telemática mediante un cuestionario na aula virtual do centro. As competencias que se avaliarán nesta proba serán as competencias imprescindibles que se consignan no apartado 1 do presente documento</p> |

| | |
|--------------------------------------|--|
| Alumnado de materia pendiente | <p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realizar as tarefas sobre os distintos bloques de contido que se propoñen para a recuperación da materia pendiente. • Realizar unha proba telemática na aula virtual do centro no caso de que o alumno ou alumna coa materia pendiente non realice as actividades propostas ou no caso de que as actividades realizadas non teñan unha avaliación positiva. |
| | <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cuantificación do grao de desempeño na realización das actividades propostas. • No caso de que as actividades propostas sexan avaliadas de xeito positivo, o alumnado coa materia pendiente non terá que realizar a proba telemática na aula virtual |
| | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización das actividades propostas. • Realización de proba telemática na aula virtual do centro |

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|--|
| Actividades | <p>Poñerase a disposición do alumnado dous tipos de actividades atendendo aos contidos tratados:</p> <p>Actividades de repaso/reforzo: este tipo de actividades avaliaranse para a recuperación das avaliacións suspensas. No caso de alumnado coas dúas primeiras avaliacións superadas estas actividades teranse en conta para subir nota.</p> <p>As actividades de repaso/reforzo versarán sobre os contidos impartidos nas dúas primeiras avaliacións.</p> <p>Actividades novas ou de ampliación: as actividades deste tipo, que serán contidos referentes a unidades que non temos vistas previamente, terán como función potenciar a adquisición de novos coñecementos por parte do alumnado. Estas actividades serán avaliadas para subir nota, en maior ou menor medida (dependendo da calidade da actividade realizada), a todo o alumnado que as realice.</p> <p>As actividades novas ou de ampliación serán as correspondentes a electricidade electrónica e control.</p> |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p>Atendendo á metodoloxía de resolución das actividades propóñense dous subtipos de actividades para cada un dos tipos de actividades referidas no apartado anterior. Deste xeito favorecese que o alumnado sen conectividade dispoña de actividades adaptadas á súa situación. Os subtipos de actividades son os seguintes:</p> <p>Actividades teóricas: este tipo de actividades constatarán de apuntamentos teóricos, ou vídeos que despois serán empregados como base para a realización de preguntas. Debido á tipoloxía destas actividades, todo o alumnado, incluso aquel que non teña un ordenador, terá a posibilidade de facelas.</p> <p>Actividades prácticas: as actividades deste tipo requiriran a utilización de aplicacións web (como por exemplo o Tinkercad) ou aplicacións de escritorio, emprego de simulacións, actividades Web. Este tipo de actividade permitirá que o alumnado traballe tamén os contidos de modo máis práctico</p> |
| Materiais e recursos | Aula virtual do centro, plataforma Webex, videotutoriais, apuntamentos e boletíns de actividades pdf. |

| 4. Información e publicidade | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | A información ao alumnado e ás familias realízase a través de distintas canles: -Avisos e mensaxería de Espazo Abalar. -Mensaxes e foros nas aula virtual do curso -Sesións de videoconferencia na plataforma Webex |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |